

Concello de A Capela

ACTA DA SESIÓN DE CARÁCTER ORDINARIO REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 25 DE OUTUBRO DE 2019

<p>ASISTENTES:</p> <p>Presidente: D. Manuel Meizoso López</p> <p>CONCELLEIROS: D^a. Natalia Paz Álvarez D. Emilio Riobó Piñón D^a. María Rocio Permuy Ramudo D. Juan Manuel Soto López D. Marcos Rodríguez Calvo D. Martín Blanco Hermida D^a. Olga María Blanco Teijeiro</p> <p>SECRETARIO: D. José Antonio Meizoso Paz</p>	<p>No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, sendo as dez horas do día vinte e cinco de outubro de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen-se os Sres/as. Concelleiros/as. que se relacionan na marxe, asistidos do Secretario da Corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.</p> <p>Non asiste a sesión a Concelleira D^a. Montserrat Seco Cabarcos</p>
--	---

I.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 18 DE OUTUBRO DE 2019. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data dezaioito de outubro de dous mil dezanove.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno do Concello por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as. asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

II.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Dase conta ao Pleno da Corporación da relación de decretos e resolución da Alcaldía dende o día 19 de agosto de 2019 ata o día 18 de outubro de 2019, que de seguido se relacionan:

Manuel Meizoso López (1 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 25/10/2019
HASH: cb4685d8160c9ecd40dac6cbb7b0b84



José Antonio Meizoso Paz (2 para 2)
Secretario-Interventor
Data de Sinatura: 25/10/2019
HASH: 36330b546231679438294c99800bcf85



ACTA DO PLENO

Número: 2019-0014 Data: 25/10/2019



Cod. Verificación: 692T3GPEZ79AD4Y37KFF5M08 | Corrección: <http://concellocapela.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10

Concello de A Capela

DECRETO	DATA	PROCEDEMENTO
DECRETO 2019-0258 [Resolución contratos Rede Cultura 2019 Festa Requeixo]	19/08/19 11:49	Festas (Planificación, Organización ou Celebración)
DECRETO 2019-0262 [Resolución de Alcaldía]	20/08/19 9:46	Contratacións
DECRETO 2019-0261 [Resolución nomeamento director de obra]	20/08/19 9:46	Contratacións
DECRETO 2019-0259 [RESOLUCIÓN FCO JAVIER GABEIRAS MARTINEZ]	20/08/19 9:46	Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)
DECRETO 2019-0260 [Resolución nomeamento director de obra AGADER]	20/08/19 9:46	Contratacións
DECRETO 2019-0263 [RESOLUCIÓN FRANCISCO PADEIRO]	20/08/19 11:16	Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)
DECRETO 2019-0264 [Resolución de Alcaldía]	20/08/19 13:38	Contratacións
DECRETO 2019-0265 [RESOLUCION DUARTE BASOA]	21/08/19 12:29	Licenzas e Permisos de Persoal
DECRETO 2019-0266 [Resolución de Alcaldía aprobación conta xustificativa]	23/08/19 11:52	Subvencións Solicitadas a Outra Administración
DECRETO 2019-0267 [Resolución levantamento reparo 2019-0220]	26/08/19 10:15	Aprobación de Facturas
DECRETO 2019-0268 [Decreto da convocatoria]	26/08/19 11:42	Convocatoria de O Pleno
DECRETO 2019-0269 [Recoñecemento da Obrigación]	26/08/19 11:42	Tramitación conxunta de facturas
DECRETO 2019-0270 [Resolución de Ordenación de Pagamento]	27/08/19 9:49	Tramitación conxunta de facturas
DECRETO 2019-0271 [RESOLUCIÓN PLACIDO GONZALEZ]	29/08/19 9:29	Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)
DECRETO 2019-0273 [Resolución de Alcaldía]	29/08/19 12:32	Nóminas
DECRETO 2019-0272 [Resolución de devolución da garantía do contrato]	29/08/19 12:32	Cancelación e Devolución de Garantía
DECRETO 2019-0276 [Resolución de devolución da garantía do contrato]	30/08/19 11:56	Cancelación e Devolución de Garantía
DECRETO 2019-0275 [RESOLUCION MANUEL CORBEIRA]	30/08/19 11:56	Licenzas e Permisos de Persoal
DECRETO 2019-0274 [RESOLUCIÓN COMISION AVALIADORA]	30/08/19 11:56	Subvencións por Concorrenca Competitiva
DECRETO 2019-0277 [Resolución da Alcaldía non división en lotes]	2/09/19 9:35	Contratacións

ACTA DO PLENO
 Número: 2019-0014 Data: 25/10/2019



Cod. Validación: 69273GPEZ79AD4X37KFF5MQ9 | Corrección: <http://concellodecapela.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10

Concello de A Capela

DECRETO 2019-0278 [RESOLUCION CONCESIÓN SUBVENCIONS2019]	2/09/19 13:41	Subvencións por Concorrenca Competitiva
DECRETO 2019-0282 [Resolución da Alcaldía incorporación inventario de bens]	3/09/19 13:18	Certificados ou Informes
DECRETO 2019-0279 [Resolución de devolución da garantía do contrato]	3/09/19 13:18	Cancelación e Devolución de Garantía
DECRETO 2019-0281 [Resolución de devolución da garantía do contrato]	3/09/19 13:18	Cancelación e Devolución de Garantía
DECRETO 2019-0280 [Resolución de devolución da garantía do contrato]	3/09/19 13:18	Cancelación e Devolución de Garantía
DECRETO 2019-0284 [Resolución de Alcaldía]	4/09/19 9:59	Cancelación e Devolución de Garantía
DECRETO 2019-0283 [Resolución de Alcaldía]	4/09/19 9:59	Cancelación e Devolución de Garantía
DECRETO 2019-0285 [Resolución vacacions pendentes OLGA GALDO LOPEZ]	5/09/19 11:08	Licenzas e Permisos de Persoal
DECRETO 2019-0288 [Resolucións fogos San Braulio 2019]	6/09/19 9:59	Festas (Planificación, Organización ou Celebración)
DECRETO 2019-0286 [Resolución aprobación PLAN SEGURIDAD]	6/09/19 9:59	Contratacións
DECRETO 2019-0287 [Resolución de Alcaldía de Inicio]	6/09/19 9:59	Contratacións
DECRETO 2019-0290 [Resolución de Recoñecemento da Obrigación]	6/09/19 12:16	Aprobación de Facturas
DECRETO 2019-0289 [Resolución de Recoñecemento da Obrigación]	6/09/19 12:16	Aprobación de Facturas
DECRETO 2019-0291 [Resolución de Ordenación de Pagamento]	6/09/19 13:38	Aprobación de Facturas
DECRETO 2019-0292 [Resolución de Ordenación de Pagamento]	6/09/19 13:38	Aprobación de Facturas
DECRETO 2019-0293 [RESOLUCIÓN PABLO RODRIGUEZ LORASQUE]	13/09/19 11:38	Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)
DECRETO 2019-0294 [Resolución vacacions MARIBEL]	17/09/19 9:29	Licenzas e Permisos de Persoal
DECRETO 2019-0296 [Resolución aprobación PLAN SEGURIDAD-Agader Lote 1]	19/09/19 11:14	Contratacións
DECRETO 2019-0295 [Resolución aprobación PLAN SEGURIDAD-Agader Lote 2]	19/09/19 11:14	Contratacións
DECRETO 2019-0297 [RESOLUCIÓN MARIA TERESA PUIG PEDRO]	19/09/19 13:30	Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0014 Data: 25/10/2019



Cod. Validación: 69273GPEZ79AD4X373KFF5M09 | Corrección: <http://concellodecapela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10

Concello de A Capela

DECRETO 2019-0298 [resolucion festas locais ano 2020]	24/09/19 10:30	Festas (Planificación, Organización ou Celebración)
DECRETO 2019-0299 [RESOLUCIÓN CELIA TEMBRAS MARTINEZ]	24/09/19 12:40	Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)
DECRETO 2019-0300 [Resolución de Alcaldía]	25/09/19 14:04	Contratacións
DECRETO 2019-0301 [RESOLUCIÓN DIEGO VILARIÑO PARDO]	25/09/19 14:05	Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)
DECRETO 2019-0302 [Resolución de Alcaldía]	26/09/19 9:08	Aprobación do Padrón Fiscal
DECRETO 2019-0303 [Resolución de Alcaldía]	26/09/19 9:12	Padrón Municipal de Habitantes (Modificación de Datos)
DECRETO 2019-0304 [Resolución de Alcaldía]	26/09/19 9:12	Aprobación do Padrón Fiscal
DECRETO 2019-0305 [Resolución de Alcaldía]	27/09/19 11:51	Contratacións
DECRETO 2019-0306 [Resolución de Alcaldía]	27/09/19 13:43	Nóminas
DECRETO 2019-0308 [Resolución de levantamento de reparos]	30/09/19 11:53	Aprobación de Facturas
DECRETO 2019-0307 [Resolucion axuda economica Festas Locais 2019]	30/09/19 11:53	Subvencións Directas ou Nominativas
DECRETO 2019-0309 [Recoñecemento da Obrigación]	30/09/19 14:04	Tramitación conxunta de facturas
DECRETO 2019-0310 [resolucion vacacions JA PENA NAVEIRAS]	2/10/19 7:32	Certificados ou Informes Urbanísticos
DECRETO 2019-0311 [Recoñecemento da Obrigación]	2/10/19 8:46	Tramitación conxunta de facturas
DECRETO 2019-0312 [Resolución de Ordenación de Pagamento]	3/10/19 11:46	Tramitación conxunta de facturas
DECRETO 2019-0313 [RESOLUCIÓN PABLO GATO SABÍN]	3/10/19 13:27	Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)
DECRETO 2019-0315 [Resolución de Alcaldía]	7/10/19 13:27	Aprobación do Padrón Fiscal
DECRETO 2019-0314 [Resolución de Alcaldía]	7/10/19 13:27	Contratacións
DECRETO 2019-0317 [Resolución de Alcaldía]	9/10/19 13:37	Aprobación do Padrón Fiscal
DECRETO 2019-0316 [resolucion vacacions ALMUDENA]	9/10/19 13:37	Licenzas e Permisos de Persoal
DECRETO 2019-0318 [RESOLUCION JUSTINIANO]	10/10/19 14:18	Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)
DECRETO 2019-0319 [Resolución de Alcaldía]	11/10/19 8:53	Contratacións
DECRETO 2019-0320 [Decreto da convocatoria]	15/10/19 11:42	Convocatoria de O Pleno

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0014 Data: 25/10/2019



Cod. Validación: 69273GPZ79AD4X37KFF5MQ9 | Corrección: <http://concellodecapela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10

Concello de A Capela

O Pleno queda enterado

III.- MOCIONS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Dase conta da moción presentada pola voceira do Grupo Mixto-PP, Dna. Olga María Blanco Teijeiro, que copiada literalmente dí:

MOCION PARA A ADOPCIÓN URXENTE DE MEDIDAS QUE SALVEN O FUTURO DA CENTRAL TERMICA DE AS PONTES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A central térmica de As Pontes é o maior grupo de produción de enerxía de Galicia, dá emprego directo a 700 persoas e xera un impacto económico na zona de 80 millóns de euros ao ano.

Dende marzo de 2018 a instalación estaba inmersa na adaptación á Directiva de Emisións Industriais da Unión Europea, comprometendo un investimento de 217 millóns de euros para garantir unha alta eficiencia ambiental e cumprir máis aló dos requisitos desta norma comunitaria.

A Central Térmica acordou a paralización da súa actividade dende hai cinco meses suspendeu gran parte da execución do investimento previsto, como consecuencia dunha política enerxética desordenada por parte do Goberno de España que avoga polo abandono anticipado do carbón sen dar resposta ás consecuencias en termos de actividade económica e emprego nos territorios afectados, nin en termos de garantías de subministración eléctrica a un prezo competitivo.

Esta situación xa viña sendo moi preocupante polas súas consecuencias sobre os traballadores, empresas e sectores, en xeral, vinculados a esta central, especialmente os transportistas, que levan cinco meses sen poder traballar.

O pasado día 27 de setembro, Endesa comunicaba a discontinuidade da produción das súas centrais térmicas, entre elas, a de As Pontes, é dicir, o seu próximo peche. Esta decisión ten unhas implicacións dramáticas para Galicia, en xeral, e para a comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegá, Terra Cha e Mariña Lucense en particular.

Este peche materializaría a prda de centos de empregos nestes Concellos e tería un impacto económico e social cunhas consecuencias dramáticas para estas comarcas. Non podemos tolerar esta situación nin



Concello de A Capela

manternos impasibles ante o desmantelamento dun sector económico que sera moita riqueza e do que viven centos das nosas familias e, por iso, debemos amosar a unidade de acción que os nosos veciños se merecen para denunciar este novo castigo e esixir inmediatamente solución que garantan o futuro e os empregos e eviten unha nova reconversión industrial nesta zona.

É por iso que, o Grupo Municipal Popular presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción dos seguintes ACORDOS:

O Pleno do Concello de A Capela amosa todo o seu apoio e solidariedade cos traballadores da Central Térmica de Endesa en As Pontes, coa industria auxiliar e cos transportistas vencellados a ela e co Porto de Ferrol, esixindo do Goberno de España a aplicación de medidas urxentes para garantir a inmediata reapertura da central de As Pontes, e no caso contrario a dimisión da Ministra de Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, principal responsable da situación da central pontesa.

Pola voceira do Grupo Mixto-PP, Dna. Olga María Blanco Teijeiro díse que o motivo da presentación da moción é a problemática laboral xurdida polo anuncio do cese da actividade de Endesa que afecta a moita xente, tanto directa como indirectamente. Manifesta que se pide unha solución para que se poña a funcionar de novo a central ou ben que dimita a Ministra de Transición Ecolóxica.

Polo Sr. Alcalde-Presidente díse que se está de acordo co texto da moción pero que o día 30 de setembro de 2019 fíxose unha reunión con todos os alcaldes de comarca e acordouse non presentar mocións de tipo político, senon asinar un manifestó conxunto de apoio, non só referente a Endesa, senon tamen a Alcoa, Poligal e outras empresas que se atopan na mesma situación.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo díse que a moción é claramente política e o que non se pode facer e pedir a dimisión da Ministra de Transición Ecolóxica e o mesmo tempo solicitar unidade de acción.

Remata a súa intervención decindo que neste tema ámbolos dous partidos o PSOE e o PP teñen parte de culpa da situación na que se atopa Endesa, anuncia o voto en contra do seu Grupo Municipal.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (7 votos en contra 5 dos Sres/as. Concelleiros/as. do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e 2 dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC e 1 voto a favor da Sra. Concelleira do Grupo Mixto-PP) rexeita a moción presentada por Dna. Olga María Blanco Teijeiro como voceira do Grupo Mixto-PP referente a adopción urxente de medidas que salven o futuro da central térmica de As Pontes.

Concello de A Capela

IV.- ROGOS E PREGUNTAS DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Dase conta o Pleno da Corporación dos rogos presentados polo Grupo Municipal de AIAC que copiados literalmente dñ:

ROGO

No pasado pleno ordinario celebrado no mes de agosto, o Sr. Alcalde, a unha pregunta formulada por este grupo contestou que, o produto utilizado para sulfatar a maleza nalgunhas cunetas das pistas deste concello era Keyfortín, un produto que non é tóxico e que se elimina rápidamente do medio ambiente.

O Keyfortín, según se desprende da súa ficha de datos de seguridade, está composto por sal isopropilamina de glifosato, mezcla de surfactantes e auga. A sal de isopropilamina de glifosato, é unha das formas químicas nas que se comercializa o glifosato, que se trata dun herbicida sistémico que non pode eliminarse completamente da vexetación, ao contrario do contestado polo Sr. Alcalde no pasado pleno. Este herbicida está declarado pola Axencia Internacional da Investigación do Cancro e pola OMS como posible carcinogénico para o ser humano. Ademáis, tal e como se sinala na súa ficha, é tóxico para organismos acuáticos, entre outros danos que provoca o seu uso. (Adxúntase a este rogo informe elaborado por Enxeñeira Agrónoma e Licenciada en Ciencias Ambientais, con máis detalle sobre este produto e as consecuencias do seu uso).


Polo tanto,

Á vista do manifestado anteriormente e do informe adxunto, rogámoslle ao equipo de goberno que deixe de usar o herbicida Keyfortín e calquer outro herbicida tóxico para o medio ambiente e para as persoas, e que para a limpeza das pistas se sigan usando os medios mecánicos dos que dispón este concello.

Polo Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Martín Blanco Hermida díse que o rogo formúlase pola resposta contradictoria do Sr. Alcalde-Presidente o anterior pleno ordinario xá que do informe que se acompaña o rogo resulta que o keifortín é un derivado do glifosato, produto considerado concerxeno, polo tanto o Grupo Municipal de AIAC oponse o uso de produtos químicos.

Polo Sr. Alcalde-Presidente díse que se atende o rogo.

ROGO



Concello de A Capela

Como en anos anteriores por estas datas, o equipo de goberno está a elaborar o orzamento municipal para o vindeiro ano 2019.

Como xa propuxemos o ano pasado, unha boa maneira de darlle participación aos veciños no desenrolo do noso concello e na mellora das condicións de vida de todos os que aquí vivimos, sería que puideran participar na elaboración do orzamento municipal, dentro das limitacións que xa todos coñecemos, aportando as súas ideas e propostas para o concello que queren.

Creemos que todos os grupos municipais, á vista dos programas electorais, estamos dacordo en que hai que darlle máis participación aos veciños na vida política do municipio, e que mellor maneira de facelo que a través do Consello de Participación Veciñal (CPV). Este órgano encóntrase regulado no Regulamento de Participación Veciñal, e concretamente o seu art. 25 sinala que serán función do CPV:

- Presentar iniciativas, propostas ou suxerencias ao Concello, sobre calquera área de competencia municipal, para ser discutidas nos órganos colexiados municipais.
- Estudar, antes da súa aprobación polo Pleno, o presuposto municipal e outros asuntos de especial importancia.
- Ser consultado e emitir informe non vinculante, antes da súa aprobación polo Pleno, sobre as bases para a concesión de subvencións ás entidades sen ánimo de lucro.

Polo tanto, á vista o anterior, rogámoslle ao Sr. Alcalde que antes da tramitación do orzamento municipal para o ano 2019, se convoque ao CPV para presentar iniciativas, propostas ou suxerencias que se poidan levar a cabo con cargo a este orzamento.

Díse polo Sr. Alcalde-Presidente que nos últimos dous anos non se fixo ningún tipo de propostas dentro do Consello de Participación Veciñal (CPV), no obstante dí que se levará de novo o orzamento ó Consello.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo respóstalle que o que se pide é dentro dos escasos recursos que para obras figuran no orzamento e dando a información suficiente as distintas entidades que se poidan facer propostas antes da redacción do orzamento para o exercicio 2020, dí ademáis que xá non se pide un orzamento participativo senon que se poideran facer propostas concretas.

PREGUNTAS

Concello de A Capela

Dase conta ó Pleno da Corporación das preguntas formuladas polo Grupo Municipal de AIAC, que de seguido se relacionan:

1.- No mes de xuño do ano pasado aprobouse por este pleno unha moción presentada por este grupo, na que interesábase que se estudiasse a posibilidade de aplicar unha bonificación do 90% da cota íntegra do IBI a favor de construcións nas que se desenrolen actividades económicas dentro do sector agrogandeiro. ¿En qué trámite se encontra este acordo plenario?

Respóndase polo Sr. Alcalde-Presidente que se está traballando na redacción da modificación da ordenanza fiscal Nº 1 reguladora do imposto de bens inmobles para introducir as bonificacións ás que fai referencia a pregunta formulada polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC.

2.- Xa fai case un ano, nunha xunta de voceiros, o Sr. Alcalde informou aos voceiros dos grupos municipais que Naturgy estaba segregando as parcelas das casas da Estoxa para despois poder véndelas. ¿Ten o equipo de goberno algunha constancia de algún avance por parte de Naturgy?

Respóndase polo Sr. Alcalde-Presidente que dende fai aproximadamente un ano non houbo ningunha resposta sobre o obxecto da pregunta.

3.- A última noticia que tivo este grupo municipal sobre a cesión por parte do Concello á Xunta de Galicia do Portal de Entrada as Fragas do Eume é que faltaba tan so o convenio para firmar entre as dúas partes. Xa pasou un ano e non sabemos nada máis ao respecto. ¿En qué trámite se atopa actualmente esa cesión?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente decindo que o Concello contratou este ano de novo persoal técnico de turismo para atender o Portal de Entrada as Fragas do Eume, xá que dende a Xunta de Galicia non achegaron aínda o correspondente convenio para a cesión de uso do Portal por parte do persoal da Consellería correspondente e mentras tanto non se asine o convenio non pode entrar xente da Xunta a traballar ahí.

4.- Xa rematada a época de perigo alto de incendios forestais, na que afortunadamente non se produciron situacións de perigo por esta causa, ¿o Concello cumpriu coas súas obrigas no referente á prevención e á protección dos núcleos?

Polo Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Martín Blanco Hermida díse que a pregunta fórmulase de novo xá que se considera que a resposta que deu o Sr. Alcalde-Presidente no derradeiro Pleno Ordinario non foi satisfactoria e dí que o Concello ten unha obriga á marxe do convenio asinado con Medio Rural,



Concello de A Capela

xá que está en xogo as vidas e bens dos veciños/as.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóstalle que esta pregunta xá foi respostada no Pleno Ordinario anterior e que o Concello cumpre coas obrigas, tanto no convenio asinado con Medio Rural a través de Seaga e co Plan de Riscos que xá esta redactado.

Remata a súa intervención decindo que non só e obriga do equipo de goberno senon de tódolos Concelleiros/as o velar por que se cumpran as normas sobre incendios.

5.- No mes de novembro do ano pasado, informouse aos voceiros dos grupos municipais que había un novo proxecto para o cambio de acceso ao Mosteiro de Caaveiro. ¿Cál é a situación deste novo proxecto?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que o proxecto foi presentado en Medio Ambiente pero puxóselle pegas, tanto a Consellería como Patrimonio, agora estase a redactar un novo proxecto que non contempla a pasarela, senon un camiño de acceso.

Pola voceira do Grupo Mixto-PP, Dna. Olga María Blanco Teijeiro pregúntase o Sr. Alcalde-Presidente que presentou o día 23 de outubro de 2019 outra moción.

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que o estar presentada despois de notificada a convocatoria do presente pleno, tratárase no seguinte pleno ordinario.

E xá que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión sendo as dez horas e trinta e sete minutos, de todo o cal eu, Secretario, do fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

O secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz

